

BANDO INFORMATIVO

SOLICITUDE DO PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL DA XUNTA 2019

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso

INFORMA:

Da apertura do prazo de solicitude do Programa de termalismo para pensionistas da Xunta de Galicia 2019 Orde do 25 de marzo de 2019 pola que se regula a oferta de prazas para as estadias e o tratamento termal dentro do programa de Benestar en balnearios 2019 e se realiza a súa convocatoria. (DOG nº 64 do 2/4/2019) **BS607A**

CONTIDO: As quendas teñen una duración de 10 días (nove noites) cada unha, realizaranse en réxime de pensión completa e comprenderán desde as 12:00 h. do día de chegada ata as 12:00 h. do día de saída, e desenvolveranse **entre o mes de maio e o de outubro de 2019.**

PERSOAS BENEFICIARIAS:

Para beneficiarse deste programa haberá que reunir os seguintes **requisitos:**

- Ser maior de 60 anos, ou de 55 e, neste caso, reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, agás no caso de fillos/as que acudan en calidade de acompañantes.
- Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisíbel con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- Acadar, de conformidade co baremo, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo de presentación de solicitudes será ata o 2 de maio de 2019

LUGAR DE INFORMACIÓN E PRESENTACIÓN: Departamento de Servizos Sociais. Rúa do Deporte, Baixo, Sigüeiro, telf: 981688950

Oroso, 12 de abril de 2019

O alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

